

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 27 DE MARZO

DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de marzo de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asiste, e presenta escusa, don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.

Asiste dona Isabel M^a Fuentes Torices, interventora accidental, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria de 29 de xaneiro, sesión extraordinaria de 13 de febreiro e sesión ordinaria de 28 de febreiro de 2008

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria de 29 de xaneiro e sesión extraordinaria de 13 de febreiro de 2008, repartidas coa convocatoria. Faise constar que a acata da sesión ordinaria de 28 de febreiro de 2008 non puido ser entregada en tempo para a

súa aprobación.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que na acta correspondente á sesión extraordinaria do día 13 de febreiro de 2008, na sétima liña da páxina 9, onde di: “calma, e sería unha responsabilidade que así fora porque, ademais,” debe dicir: “calma, e sería unha irreponsabilidade que así fora porque, ademais, ...”.

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar os borradores correspondentes á sesión extraordinaria de 29 de xaneiro e sesión extraordinaria de 13 de febreiro de 2008, coa modificación proposta polo voceiro do BNG na acta da sesión do día 13 de febreiro.

2º Proposta de adhesión ao “Consortio do Camiño Inglés”

Dada conta da proposta da concelleira delegada da Área de Cultura e Turismo de data 14 de marzo actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 25 de marzo actual.

Don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, di que o seu grupo mantén o voto favorable formulado na comisión informativa.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que os primeiros contactos co Consortio do Camiño Inglés xa os iniciara o anterior goberno municipal, con ocasión do Ano Xacobeo 2004, de feito a corporación e o propio Sr. alcalde xa participara en diversos actos, polo que están de acordo coa adhesión e con que a cousa vaia para adiante.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o voto do seu grupo é favorable porque entenden que esta adhesión pode supoñer para Cambre unha proxección máis importante para o conxunto do concello.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros asistentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar a adhesión do Concello de Cambre ao “Consortio do Camiño Inglés”.

Segundo: Iniciar os trámites necesarios para contemplar no orzamento municipal de 2008, a achega económica de 300,00 € anuais para gastos do Consortio.

3º Proposta de designación dun representante do Concello na Comisión de Escolarización

Vista a proposta de Alcaldía de data 3 de marzo de 2008.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 25 de marzo actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, e abstéñense os seis concelleiros asistentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por sete votos a prol, acordou:

Nomear como representante do Concello de Cambre para formar parte da Comisión de Escolarización para o curso 2008-2009 a don Jaime Manuel López Lisnier.

4º Mocións

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

A) Moción do grupo municipal de EU-IU rexeitando o estudo de trazado do tren de alta velocidade “A Coruña – Betanzos” e en defensa do ferrocarril tradicional

Rexistrada de entrada ao n.º 3007 o día 18 de marzo de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Entende o grupo municipal de EU-IU, que todo proxecto de nova infraestrutura deberá nacer da consideración previa dunhas necesidades ou carencias ás que se pretende dar unha solución razoable e proporcionada, con relación ao custo-beneficio, económico, social e ambiental que provoquen; valorando en cada caso de que maneira pode afectar aos veciños/-

as, e ao conxunto dos cidadáns, facilitando ao máximo tanta información poida ser de utilidade para a defensa dos seus intereses.

Ante a falta de información das distintas administracións, en relación ao “Estudo informativo do tren de alta velocidade Coruña-Betanzos”. Considera o noso grupo, que o primeiro elemento a discutir, sería o analizar a necesidade real do proxecto, en función das carencias que pretenda satisfacer ou dos problemas que pretenda solucionar. Doutra banda, resulta evidente, que se se quere se ecuánime e proporcionado á hora de abordar as posibles solucións, haberá que estudar as opcións máis básicas de actuación, como son a de actuar sobre a base do xa existente, estudando en exclusiva a mellora significativa das infraestruturas existentes na liña ferroviaria entre A Coruña-Ferrol; que noutros tempos, era utilizada pola poboación traballadora e estudantil nos seus desprazamentos, e que podería ser a peza fundamental vertebradora para o desenvolvemento do transporte da comarca; cun ferrocarril público, moderno, cómodo, asequible e polivalente, con gran capacidade e frecuencia, dando servizo ao territorio que atravesan e adaptado ás diferentes demandas e necesidades.

Ante esta situación, habería que preguntarse: a demanda social na comarca, apunta cara un TAV? ou polo contrario prefire un plan serio da mellora das actuais infraestruturas ferroviarias.

Para o noso grupo municipal, un concello como Cambre, onde o territorio conta con grandes infraestruturas viarias: autoestrada AP-9, autovía A-6, rede de ferrocarril tradicional, varias estradas nacionais, e un proxecto de vía de alta capacidade (Vía Ártabra) contemplada no Plan viario comarcal; ademais das novas vías incluídas no PXOM. É ao noso xuízo motivo máis que suficiente para que o Trazado de alta velocidade, fose estudado escrupulosamente, para evitar o menor prexuízo, acudindo a solucións menos traumáticas para a poboación e o territorio.

Non vai abondar o grupo municipal de EU nos argumentos expostos en centos de alegacións presentadas polos veciños/-as, e as distintas organizacións tanto sociais como políticas, obxecto de debate moitas delas neste concello, e no propio pleno municipal. Pero non podemos nin debemos esquecer a incerteza que a día de hoxe existe na cidadanía e máis concretamente nos veciños/-as afectados, que seguen preocupados observando como transcorrido máis dun ano da presentación das alegacións ao Estudo informativo de alta velocidade, A Coruña-Betanzos, a administración local a pesares de ter constituída unha

comisión informativa especial sobre o tema, non é capaz de transmitir unha información que amose un verdadeiro interese sobre o grave problema.

Mentres tanto observamos como a actual vía férrea que comunica a capital provincial con Ferrol, e que podería ser, como foi en tempos pasados, unha peza fundamental para a comunicación dunha boa parte da comarca, permanece coas súas estacións medio abandonadas e con poucas posibilidades de ser rehabilitadas para o seu uso puntual e exclusivo, tendo en conta que non existe un compormiso serio de rehabilitación da mencionada liña.

Frente a esa realidade o noso grupo municipal, amósase decidido, partidario dun compromiso firme por parte do concello, para intervir no problema, mediante unha iniciativa política clara, para afrontar o problema con responsabilidade, e dar unha resposta ao Ministerio de Fomento, ante o “Estudo informativo do eixe atlántico de velocidade. Tramo A Coruña-Betanzos”.

Por todo o exposto, o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Manifestar a oposición ao estudo informativo actual, e a calquera outra alternativa que supoña o paso da mencionada infraestrutura polo noso concello, polas graves repercusións que poida ocasionar, ou producir irremediabilmente un prexuízo social, económico e ambiental, deteriorando dunha maneira importante a calidade de vida dos cidadáns.

Segundo: Solicitar ao Ministerio de Fomento e ao goberno da Xunta de Galicia, que impulsen as actuacións que sexan precisas para mellorar e modernizar a rede ferroviaria actual que atravesa Cambre, e o seu contorno metropolitano. En definitiva, un ferrocarril concebido como transporte público ao servizo da maioría social, que cohesione o territorio e contribúa a reducir a contaminación, no camiño dunha sociedade máis sostible ambientalmente.

Terceiro: Que o Concello de Cambre solicite ao Ministerio de Fomento ser informado con toda celeridade da situación do estado actual do estudo a que se refire a presente moción.

Cuarto: Declarar Cambre como concello libre do Tren de alta velocidade.”

Toma a palabra don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, para manifestar o total apoio do grupo municipal que representa ao contido estrito da moción presentada por EU-IU, e a boa parte da exposición de motivos, agás no referente á desidia do goberno municipal na defensa deste tema.

Continúa dicindo que a actuación municipal de apoio absoluto ás demandas veciñais e ao contido da moción de EU-IU, xa se ten manifestado por parte deste concello tanto no apoio institucional do goberno a todas as mobilizacións que se convocaron ata o momento, como tamén no apoio á moción que presentou EU-IU, cre recordar que en agosto do ano pasado, moción que foi transmitida á ministra de Fomento en tempo e forma, e despois con sucesivas reunións que houbo instadas por este goberno municipal, tanto coa Dirección General de Ferrocarriles do Ministerio de Fomento, como co grupo parlamentario do PSOE, aquí e en Madrid, coa Dirección Xeral de Transportes da Xunta, e ultimamente co asesor executivo da ministra de Fomento, o Sr. Vilches, co cal tivo ocasión de falar telefonicamente hai uns días e que lle solicitou que agardasen á constitución do novo goberno para ter unha ampla reunión, incluso con representación de todos os grupos municipais presentes, en canto haxa novos responsables dese ministerio.

Don Francisco Javier Varela Tejedor reitera que o postulado do goberno municipal é aprobar e potenciar o papel do ferrocarril como vertebrador dos espazos urbanos metropolitanos e como alternativa modal aos custos que os vehículos privados orixinan na calidade de vida dos cidadáns. Por todo isto, manifestan o seu apoio á moción presentada por EU-IU.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, explica que as manifestacións que fan na moción é o sentir popular dos veciños, sobre todo dos máis afectados, é o que quedou demostrado, sobre todo na última xuntanza que tiveron na Comisión Especial para o AVE.

Continúa dicindo que hai unha incerteza total entre os cidadáns, e nas distintas reunións que tiveron viron que non se avanza nada. Cre que hai que ser decidido e ter a valentía política suficiente para deixar claro que en Cambre non se quere nin o trazado que marcou Fomento, nin o trazado alternativo que se trazou no seu día dende o concello de Cambre. Di que, dunha vez por todas, hai que deixar claro que se aposta polo tren de cercanías decididamente, e así poderase avanzar en positivo. En todo caso, agradece a don Francisco Javier Varela a súa intervención e que conte cos grupos da oposición para as futuras reunións que haxa cos responsables das distintas administracións.

Don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, di que o seu grupo tamén vai apoiar a moción presentada por EU-IU. Sinala que dende un primeiro momento, sempre apoiaron á Asociación de afectados polo trazado do AVE, e entenden que aos veciños de Cambre non lles vai facer ningún favor, nin ningunha utilidade este tren da Coruña a Ferrol. En segundo lugar, indica que xa existe unha vía que vai a Ferrol e pasa por Cambre, que é a que hai que potenciar, como metro lixeiro, como tren de cercanías, incluso para desprazarse á Coruña e evitar así todos os problemas de tráfico e as carencias doutras infraestruturas, algunhas das cales van chegar con atraso, como é o caso da terceira ronda ou a vía Ártabra. Por todo o anterior, o grupo municipal do PP apoia totalmente a moción que presentou EU-IU.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta o apoio do seu grupo á moción porque é unha reiteración máis da posición que xa teñen explicitada todos eles, por unanimidade, xa hai bastante tempo. Só quere deixar claro, en relación coa intervención do voceiro do PP, que o que se está a pedir é un tren de cercanías, non un metro lixeiro, que esas son ocorrencias doutros concellos. O que aquí se quere é un servizo de ferrocarril cos estándares de funcionamento e as restricións de usos no seu contorno que ten que ter, porque é a única maneira de garantir o transporte metropolitano polo que todos levan pelexando moitísimo tempo.

Segue dicindo que respecto do que contestou o voceiro do grupo socialista sobre que non comparte algunhas das críticas da moción, quere dicirlle que efectivamente pode que se teñan feito algunhas cousas, pero que a percepción que teñen os demais grupos municipais non é satisfactoria en canto ao tratamento que se lles ten dado, e aínda peor é a apreciación que teñen os afectados, e así o teñen manifestado en múltiples ocasións.

Explica o Sr. Iglesias que, en todo caso, aquí do que se trata é de selo, pero tamén de parecelo, e para parecelo o que hai que facer é esforzarse e traballar. Pensa que tamén era un momento axeitado para instarlles a que esa liña de comunicación non sexa unicamente perceptible xusto no momento no que hai plenos ou hai debates, senón que eses contactos e esas conversas que se teñen con diferentes organismos terían que facilitarse aos voceiros, aos grupos da oposición e tamén aos afectados, cunha maior axilidade. Para facelo así teñen os medios que lles deu este pleno, teñen os seus asesores e persoal de gabinete.

Para finalizar, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que o seu grupo vai apoiar a moción presentada por EU-IU.

Pide a palabra don José Antonio Baamonde López para contestar á intervención do Sr. Iglesias Oviedo. Dille que cando utilizou a expresión metro lixeiro o voceiro do BNG sabía perfectamente que se estaba a referir ao tren de cercanías.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM(PG), sinala que vai apoiar a moción presentada por EU-IU.

Don Luis Miguel Taibo Casás agradece o apoio do resto dos grupos políticos municipais á moción, e agarda que a partir de agora xurda unha nova etapa no tema do AVE, na que non se teñen que ocupar máis dun trazado alternativo, senón que teñen que rexeitar calquera tipo de trazado. Cre que entre todos comezan unha etapa que o conxunto dos veciños van agradecer.

Sometida a votación ordinaria a aprobación da moción, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción presentada tal e como aparece transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

B) Moción do grupo municipal do Partido Galeguista respecto da instalación dunha peaxe no enlace da Vía Ártabra coa AP-9 en Pravio

Rexistrada de entrada ao n.º 3090 o día 24 de marzo de 2008, don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), dá lectura ao texto íntegro da moción.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta o apoio do grupo socialista á moción presentada polo PG por ser de indudable interese para o desenvolvemento económico e social do municipio.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, sinala que respecto da referencia á implantación dunha peaxe, precisamente a memoria que, dende hai xa bastantes anos, xustifica todo o Plan viario comarcal, recolle expresamente a recomendación contraria, non é

que fale de novas peaxes, senón que recomenda que se supriman as xa existentes. Por todo isto, parécelles moi apropiada e van apoiar a moción.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo tamén está de acordo coa moción e, se o proponente está de acordo, gustaríalle engadir que se envíe tamén ao Consorcio das Mariñas, que lle parece un ente que debe tratar este tema, e tamén á Xunta e ao Ministerio de Fomento.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), amosa a súa conformidade.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol da moción os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción presentada, coa modificación proposta por EU-IU, polo que queda redactada como se transcribe a continuación:

“En ningunha das propostas iniciais da Xunta de Galicia para os posibles trazados da Vía Ártabra ao seu paso polo Concello de Cambre faise referencia á implantación dunha peaxe.

O Partido Galeguista de Cambre rexeita a proposta da Xunta de Galicia para a implantación dunha nova peaxe no enlace da Vía Ártabra coa AP-9 na zona de Catro Camiños en Pravio, este feito non solucionaría os actuais problemas de tráfico nos viarios de acceso á Coruña, xa que os usuarios seguirían optando por utilizar as vías que usan actualmente de forma gratuíta (a ponte da Pasaxe, O Temple, O Burgo) facendo inútil a construción desta nova vía.

Non se entende como a Xunta de Galicia custea a cargo dos orzamentos públicos a supresión da peaxe da Barcala e propón instalar agora unha nova peaxe en Pravio cando ese tramo actualmente é gratuíto. Ademais esta nova proposta suporía máis expropiacións aos veciños de Pravio e Cecebre.

Considerando que o noso concello é un corredor de servizos para a área metropolitana xa que soportamos o encoro de Cecebre, N-VI, N-550, A-6, AP-9, e preténdese a construción da vía do AVE Coruña-Ferrol, pensamos que esta nova proposta dunha peaxe suporía fundamentalmente unha discriminación para os veciños de Cambre e a comarca. É por iso que presentamos a seguinte proposta

1. Trasladar á Xunta de Galicia o acordo plenario no que se rexeita a instalación da peaxe no enlace da Vía Ártabra coa AP-9 en Cambre.
2. Trasladar este acordo plenario aos concellos da área metropolitana, ao Consorcio das Mariñas, e ao Ministerio de Fomento, solicitando o seu apoio.”

5º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 2394 o día 4 de marzo de 2008, procedente da Universidade da Coruña, respecto da resolución de autorización de compatibilidade concedida a don José Venancio Salcines Cristal para compatibilizar a súa actividade, como profesor titular de universidade coa de concelleiro do Concello de Cambre, cunha dedicación a tempo parcial retribuída.
- Da Resolución de Alcaldía núm. 501, de 27 de marzo de 2008, respecto da delegación das funcións que ostenta a Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, dende o día 29 de marzo ao día 2 de abril do ano que andamos.

6º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 3096 o día 24 de marzo de 2008.

1º Os residentes da urbanización da Barcala informaron aos concelleiros do Partido Popular do mal estado en que se atopa a reixa que atravesa a calzada no acceso á urbanización pola zona da gasolinera, causando molestias aos condutores que acceden tanto á urbanización como aos centros comerciais que se atopan na zona. Por iso o grupo municipal popular roga ao equipo de goberno que arranxe urxentemente a reixa para evitar as molestias aos condutores así como que acabe desencaixándose do seu sitio.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que xa deu orde urxente á brigada para que leve a cabo a substitución da reixa.

2º No pasado pleno do mes de febreiro solicitouse información sobre o afundimento no paseo marítimo do Temple, ademais da mala sinalización da zona na que se producira o afundimento. Pasado un mes desta petición, obsérvase que a sinalización é a mesma, inadecuada e escasa para o perigo que leva consigo, todo iso a pesar de que o afundimento cada día é máis grande e profundo co agravante de que esta zona do paseo marítimo xa sufriu desprendementos en anteriores ocasións. Ante o perigo que pode supoñer para as persoas que transitan pola zona (especialmente persoas maiores e nenos) que adoitan frecuentar o paseo, o grupo municipal popular roga ao equipo de goberno que sinalice correctamente a zona do afundimento, así como que se efectúe por parte de quen corresponda, Demarcación de Costas ou concello, un estudo que axude a averiguar as causas e/ou motivos polos que se orixinan estes afundimentos para tomar as medidas oportunas e solucionaralos.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que están agardando o informe de Costas, porque nesa zona correspóndelles a eles a actuación. Contestaron que o remitirán a semana que vén.

Don José Antonio Baamonde pregunta polo valado da zona, e dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que se acepta o rogo.

3º Veciños do lugar de Sobrecarreira puxéronse en contacto co grupo municipal popular para informar sobre o estado de abandono en que se atopa o río na zona de lavar, así como a fonte. Por iso o grupo municipal popular roga ao equipo de goberno que leve a cabo o seu desatascado e limpeza, ademais de arranxar adecuadamente a zona.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que é certo que esa fonte sofre un problema e se atasca con moita frecuencia, pero que é unha das cousas que figura dentro do Plan de mellora do Camiño Inglés. Están elaborando un proxecto para arranxala en condicións, pero, en todo caso, levarase a cabo inmediatamente a súa limpeza e desatascado.

Don José Antonio Baamonde López pregunta canto tempo tardará o tema da mellora do Camiño Inglés.

Dona Erundina Prado Arcay responde que están a punto de recibir os proxectos que está a elaborar Alvac, e despois dependerá un pouco das subvencións que se consigan coa adhesión ao Consorcio.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 3007 o día 18 de marzo de 2008.

1º O pasado 5 de xuño de 2006, rematou o prazo de adaptación dos parques infantís á nova normativa europea. Hai máis de seis meses, o grupo municipal de EU presentou un rogo ao pleno municipal sobre diversas actuacións relacionadas coa conservación e seguridade dos parques infantís do concello, a día de hoxe non observamos unha mellora nestes espazos de recreo, considerando que algún, experimenta risco de perigo, sen que ata o momento se executaran actuacións concretas para a súa mellora.

Resulta alarmante a falta de sensibilidade do grupo gobernante diante deste tipo de problemas, non só pola escaseza de parques e xardíns municipais, senón tamén polo estado de abandono e eliminación dalgún deles e, sobre todo, dos parques infantís, que representan en moitos casos un perigo real para os nenos/-as que os utilizan, non só polo feito de que algún elemento estea deteriorado, senón tamén polo estado de abandono no que se atopan.

Non fai falta máis que lembrar casos como o do parque infantil da Casa das Palmeiras, que foi posto en marcha sen valado de separación coa vía inmediata de tráfico rodado, ou a carencia de atención en materia de mantemento e renovación da área, etc.

O noso grupo municipal prega ao goberno, realice un programa de revisión e conservación permanente dos parques e áreas infantís, tanto de titularidade pública como privada, neste último caso que sexan dedicados a uso público ou comunitario.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que a data en que remata o prazo non foi o 5 de xuño de 2006, senón que acaba o 9 de maio do ano que andamos. Respecto do mantemento dos parques é certo que o que está facendo agora o concello é un mantemento mínimo, porque sen orzamentos é difícil manter 40 ou 42 parques dependentes do concello. Engade que se xa resulta difícil manter os parques públicos, non se poden facer cargo dos parques privados.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, sinala que, en todo caso, como se está a falar de parques dos que se fai un uso público sería interesante que, polo menos, cando haxa riscos para os usuarios, os cales na súa maior parte son nenos, se intente que estean nunhas mellores condicións, aínda que sexan privados.

Continúa dicindo que xa se ten falado en concreto do Parque da Ría no que hai unha desaparición de mobiliario e supón que o feito de que non se repaña é tamén un problema de

falta de orzamento, pero conclúe que este é un tema delicado, sobre todo polos usuarios deste tipo de instalacións, de aí o rogo, queren facer fincapé no tema e que se preste unha atención especial nestes casos.

2º As recentes noticias dos medios de comunicación facilitadas polo presidente da Xunta de Galicia, respecto do trazado da Vía Ártabra están ocasionando unha gran preocupación nos veciños/-as de Cambre. Non se entende como nun tema de tanta transcendencia, os responsables municipais non teñan informado á corporación municipal para transmitirles a información recibida e debater as cuestións que coma consecuencia dela se susciten.

O grupo municipal de EU-IU prega ao goberno municipal que nos informe do estado actual do proxecto ao seu paso polo noso concello, e manteña en todo momento informados aos veciños/-as, sobre todo aos que ven as súas propiedades ameazadas polo mencionado vial.

O Sr. alcalde contesta que de momento non se ten o proxecto definitivo, só existen algúns borradores. Teñen previsto unha entrevista co subdirector de proxectos Carlos Leflér, para ver se lles dá o proxecto definitivo, porque no tramo de Cambre está sen definir a totalidade. Tan pronto como o teñan poranse en contacto cos demais grupos municipais.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, solicita que, como eles non teñen nada, se lles facilite o borrador para consultar as carencias e deficiencias que se poidan contemplar.

O Sr. alcalde contesta que se lles facilitará.

3º Un dos grandes problemas mundiais é o incremento da desaparición da masa forestal. O pasado día 21 de marzo celebrouse o “Día forestal mundial”, o noso grupo non tivo coñecemento do desenvolvemento de ningunha actuación ou apoio, encamiñado á plantación de especies arbóreas no noso municipio.

Pregamos que se nos informe se o concello participou, individual ou en colaboración con outras entidades, nalgún tipo de plantación de especies arbóreas.

Que na próxima xunta de voceiros se trate sobre a posibilidade de recuperar no noso concello a festa tradicional do “Día da árbore”.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que non se celebrou o “Día forestal mundial” porque están a traballar para o vindeiro día 5 de xuño, que se celebra o “Día mundial do medio

ambiente”, e trátase sobre a deforestación, cambio climático, aforro de auga, etc., promovendo a participación cidadá. Vanse facer charlas sobre xestión ambiental nos colexios, concursos de deseño de carteis, campaña divulgativa e o blog de sensibilidade ambiental.

En canto á idea de recuperar como festa tradicional o “Día da árbore”, parécelle ben.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, contesta que está moi ben pero que o “Día forestal” tamén foi unha celebración de carácter mundial, e un non quita o outro.

Dona Beatriz Ramos Padín contesta que xa o sabe, pero que en xuño vaise dedicar toda unha semana ao tema do medio ambiente.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 3092 o día 24 de marzo de 2008.

1º Logo da alarma que se está suscitando polos vertidos á ría do Burgo. Rogo que se informe de cales afectan ao Concello de Cambre, a súa localización e as solucións previstas.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que xa chegaron os resultados das analíticas que se fixeron no termo municipal de Cambre, e que no informe que lles deu xa figuran sinalados os puntos marcados por Augas e os puntos pola empresa. A vindeira semana terá unha reunión cos técnicos de Emalcsa e cos mariscadores para ver os resultados, e por suposto, cos grupos da oposición.

2º Rogo se informe se o goberno municipal ten pensado facer a beirarrúa entre a saída do Instituto David Buján e a ponte das Insuas, ou se está esperando a que ocorra unha desgraza que teñamos que lamentar todos.

O Sr. alcalde contesta que esta obra está xa adxudicada pola Deputación Provincial á mesma empresa que está facendo a glorietta de Pravio, Candal. Tamén está adxudicada a obra que vai dende A Rocha ata a fonte de Anceis.

3º Rogo se informe para cando ten previsto o goberno municipal presentar o proxecto de orzamento para o ano 2008.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que, como xa dixo anteriormente o voceiro do grupo socialista, o vindeiro xoves día 3 de abril, ás 19:00 horas, haberá unha reunión informal á que invita a todos os grupos políticos municipais. Nesa reunión presentarase o borrador dos orzamentos onde se inclúen todos os gastos correntes e investimentos que durante estes meses se foron aprobando nos plenos. Tamén esperan recibir suxestións sobre outros posibles investimentos, así como comentar os orzamentos co obxecto de acadar unha maioría de apoio para a súa aprobación.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Registradas de entrada ao n.º 3097 o día 24 de marzo de 2008.

1ª A principios de lexislatura creouse a Comisión Especial do AVE que mantivo unha serie de reunións que a data de hoxe non teñen unha continuidade, por iso o grupo municipal popular pregunta ao equipo de goberno:

- En que estado se atopan as xestións realizadas ata a data.
- Que calendario de reunións se ten previsto realizar.
- Cos novos cambios na administración central, concretamente o Ministerio de Fomento, en que medida poden afectar a busca de solucións á modificación do trazado.
- Se se ten previsto realizar unha nova reunión cos afectados para informarles das xestións realizadas ata a data.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que esta pregunta xa está case respondida coa intervención que fixo a raíz da moción presentada por EU-IU. As xestións que se fixeron son sucesivas reunións coa Dirección General de Ferrocarriles, co grupo parlamentario socialista no Parlamento Galego e no Congreso, coa Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia e, ultimamente, co asesor executivo da ministra de Fomento.

Continúa dicindo que, sen olvidar que isto está suxeito a múltiples variables, a sensación que recollen con todas estas entrevistas é que, potenciar un transporte metropolitano en detrimento dun previsible tren de alta velocidade, que por outro lado non está contemplado nin sequera no estudo informativo como tal tren de alta velocidade, vai ganando terreo, repite que tal vez sexa unha sensación en principio optimista, pero que cre que está aí. Evidentemente, ante os novos cambios na administración central aínda non poden dicir nada, simplemente que por parte do asesor executivo Manuel Vilches se está a xestionar a reunión

no Ministerio de Fomento, e que está pendente de que no momento en que se constituía a nova administración se fixe a data para a citada reunión.

2ª O pasado 30 de agosto aprobouse unha moción do Partido Popular para a recuperación de forma urxente do camiño do Noceiro (Meixigo-Cambre) e a día de hoxe non se realizou ningunha acción; é por iso que o grupo municipal popular pregunta ao equipo de goberno que calendario de execución desta obra se ten, xa que se comprometera a executala antes de finalizar o ano 2007.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que dende López Cao, que é a empresa adjudicataria, comunicóuselles que ían comezar despois de Semana Santa, por motivos climatolóxicos. Agardan que mellore o tempo para a semana que vén.

3ª Os vertidos que Cambre está facendo na ría do Burgo, segundo o estudo de Augas de Galicia, ascenden a un total de once, dos cales catro son altamente contaminantes. En casos similares noutros concellos xa se teñen estudos realizados ao respecto para buscar solucións aos seus vertidos. Ante a situación que se dá no noso concello destes catro vertidos altamente contaminantes, o grupo municipal popular pregunta ao equipo de goberno sobre os estudos e medidas que se están a levar a cabo para a solución e erradicación deles.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que, como xa dixo, entregáronse os resultados das análíticas realizadas no termo municipal de Cambre, e para a semana que vén terán a reunión con todas as partes afectadas.

Don José Antonio Baamonde pregunta se dende Cambre se vai facer algunha acción concreta.

Dona Mª Beatriz Ramos contesta que xa se fixo, que foi a recollida da que lles falou, e que no informe están os resultados desa recollida, e agora haberá que comezar a traballar con eles.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao n.º 3088 o día 24 de marzo de 2008.

1ª Visto o expediente das obras da Escola Municipal de Música e, visto que estas continúan paradas:

- como pensan garantir o cumprimento dos prazos para non perder a subvención concedida polo grupo de acción local Terra das Mariñas? En que estado están as subvencións concedidas para esta obra por parte da Deputación provincial?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que as subvencións aínda están vixentes e os prazos en activo. Evidentemente houbo un problema de atraso que ven derivado das distintas discrepancias técnicas existentes entre o equipo redactor do proxecto e os propios técnicos municipais sobre materias que poderían afectar á seguridade do edificio. Eses temas quedaron resoltos, e deuse orde expresa para que mañá se retomen os traballos de construción.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, manifesta que cando eles revisaron o expediente, hai poucos días, eses problemas aínda non se resolveran, así que lles gustaría ter acceso de novo a ese expediente para velo. Cre que o Sr. Varela debe de saber que o vencemento da subvención do Proder, que é duns 190 mil euros, implica que a obra estea pagada e rematada no mes de agosto deste ano. A obra ten un período de execución de oito meses e por moito que se apure estamos xa rematando o mes de marzo. A subvención supón case a metade do orzamento de execución da obra. Hai unha subvención da Deputación Provincial do ano 2006, duns 17 mil euros, que el cre que a estas altura está aínda sen xustificar porque aínda non hai materia con que facelo, e o que non entenden, porque ademais non é a primeira vez que traen este tema aquí, é como unha obra de interese xeral, de interese público, está paralizada, e o que tampouco entenden é a acumulación de atrasos que tivo para o seu inicio e sucesivas paralizacións, cando segundo entende el os informes dos técnicos da obra non son en absoluto discrepantes.

Continúa dicindo que a pregunta que fai o seu grupo sobre como pensan garantir que non se perda a subvención segue sen ser contestada, porque el non entende como unha obra que se ten que executar en oito meses vai estar executada e certificada no mes de agosto. El cre que se vai perder ese diñeiro e que o goberno municipal vai ter algo que dicir niso.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que son conscientes da problemática. Os informes que el viu no expediente deixan patentes as discrepancias técnicas existentes e, en todo caso, prefiren garantir a seguridade do edificio antes de garantir calquera subvención que se poida perder ou non. En calquera caso, a vontade do goberno municipal e da empresa adjudicataria é recuperar o atraso.

2ª Cal é o estado das negociacións e acordos para a construción do primeiro centro de día público no concello?

O Sr. alcalde contesta que como xa saben, presentouse un orzamento e non lles contestaron. Hai como dous meses foron a ver á delegada quen pediu un plano da parcela, entregáronllo e quedaron de mandar equipos técnicos para vela, aínda non viñeron. Agardan poñerse agora, pasada Semana Santa, en contacto con eles para ver o tema, porque tamén se barallaba a posibilidade de non só o centro de día, senón tamén montar unha galescola na parcela.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pregunta se o concello elaborou o proxecto que se lle pedía no acordo.

O Sr. alcalde responde que o que se enviou á Delegación foi un proxecto básico, e que o que lles pediron dende a Delegación foi un plano da parcela para ver se co estudo que van facer eles cabería nunha planta ou dous edificios.

3ª Respecto da situación de contaminación na ría, solicitamos información dos resultados das accións emprendidas polo concello. Tendo en conta que a Xunta (Pesca e Medio Ambiente) están a realizar estudos da auga e os lodos da ría, porque se contratou un estudo propio á universidade? Cales son as conclusións deste estudo e canto nos custou? Que posición ten pensado adoptar o goberno local respecto da plataforma acabada de crear?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que lle di o mesmo que aos seus compañeiros, que lle fixo entrega dos resultados das analíticas, e explica que cando as contrataron non tiñan coñecemento das actuacións que ía facer a Xunta ao respecto.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo solicita que se expliquen os resultados das analíticas, as conclusións ás que chegan. Engade que hai unha cousa que non entenden e outra que non lles gusta nada. As noticias que saen o día 16 na prensa identifican a Cambre como o único concello que non fixo os deberes con respecto ás indicacións de medio ambiente e con respecto aos puntos de contaminación da ría, e iso parécelles lamentable. A noticia fala en concreto de que todos os concellos afectados, A Coruña, Oleiros e Culleredo, teñen xa iniciado accións para solucionar algúns dos puntos de contaminación que lles indicaron, e que de Cambre non se sabe nada. O que non entenden é que Medio Ambiente e Pesca, que son as institucións competentes no control medioambiental da ría, fagan un estudo, e o Concello de Cambre faga outro. Teñen escoitado, non sabe se nun pleno ou na prensa, que o

estudo que se encargou tivo un custo de 3.000 € e parécelle absurdo que se tomen competencias que lle corresponden a outros organismos.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín reitera que cando contrataron a analítica non tiñan coñecemento das actuacións da Xunta. Agora o que hai que facer é reunirse cos técnicos de Emalcsa e Augas de Galicia para discutir os resultados de todos os estudos.

Don Henrique Xabier Iglesias manifesta que hai cousas incomprensibles. O estudo da Xunta é do mes de agosto pasado, e incluso saiu na prensa. Dende esa data varios dos grupos políticos municipais trouxeron o tema ao pleno, e a pesar diso, e das reunións que se fixeron cos outros organismos, parécelle sorprendente que ningún deles informase ao concello de que estaban facendo estudos da calidade das augas. Se iso foi así, neste goberno municipal está fallando a canle de información coas institucións autonómicas responsables. Pero en todo caso, o que a el lle gustaría saber é que conclusións ten o goberno municipal e a concelleira responsable sobre o informe presentado.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín responde que xa dixo que acaba de recibir os resultados e por iso aínda non tivo tempo de estudalo. A semana que vén van ter reunións cos técnicos e entón será o momento para explicalo.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao n.º 3007 o día 18 de marzo de 2008.

1^a Tradicionalmente as festas de Cambre víñanse organizando por comisións formadas para tal efecto, onde os veciños/-as tiñan unha maior implicación e participación. Recentemente por parte da concelleira responsable, informouse das xestións que estaba a realizar para artellar o programa do próximo festival de “Rock in Cambre” a celebrar o próximo 14 de agosto, e máis concretamente para determinar os grupos musicais para actuar no concerto. O noso grupo considera que no noso concello hai persoas, sobre todo mozos/-as que teñen inquiredanzas e sensibilidades con este tipo de eventos, e así o teñen demostrado ao longo dos varios anos, sendo os precursores e organizadores do festival en varias ocasións.

Ten previsto o goberno municipal promover unha comisión de festas ampla, que recolla as distintas sensibilidades, nas que participen os mozos/-as e asociacións, co fin de facer as festas máis participativas?

Dona Erundina Prado Arcay contesta que respecto do festival rock si que se está a traballar coa xuventude de Cambre, en concreto con 11 grupos de rock. Xa mantiveron catro reunións e estanse aceptando as súas suxestións e traballando conxuntamente. Con respecto ás festas de agosto, en principio este ano van seguir coa mesma liña do ano pasado.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que o sentido da pregunta é que no caso das festas canto máis participen os veciños moito mellor. Lembra cando as festas as facían as comisións, que con moi poucos recursos facían unhas festas moito máis participativas, todo o contrario do que cre que pasa agora cun orzamento maior. Danlles feitos consumados e os veciños/-as non participan na organización. Cre recordar que nalgún momento xurdiu o tema da creación dun Consello sectorial de festas co obxectivo de que todo o mundo sentise as festas como algo deles. Por todo isto é polo que lle pregunta á concelleira responsable se para este ou para o vindeiro ano pensa dar unha maior participación neste tipo de eventos.

Dona Erundina Prado Arcay responde que xa noutros momentos se intentaron facer xestións neste sentido con algunhas das asociacións e non estaban polo labor, pode que faga tempo disto e que agora as mentalidades cambiaran.

Continúa dicindo que respecto do feito de que as festas non son participativas discrepa un pouco, pensa que en Cambre ultimamente non é así. Non descarta nada, pero, en principio, cando o intentaron non houbo unha resposta satisfactoria por parte das persoas, xa que prefiren que se lles dea o traballo feito e non ter que traballar. En Cambre continúaase tendo o contacto coa xente, que os apoia e están encantados, pero é xuventude. Non descartan o que suxire o Sr. Taibo, pero este ano van seguir na liña do ano pasado.

Don Luis Miguel Taibo Casás engade que precisamente é a xuventude a que pode colaborar nas festas, e pode que agora coas moitas asociacións que hai en Cambre haxa bastantes que estean dispostas a colaborar.

Dona Erundina Prado Arcay responde que non lle importaría ter unha reunión con esas asociacións que o Sr. Taibo dí, pero que ela a principios desta lexislatura intentou falar con algúns e non estaban polo labor, pero pode intentarse.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que lle parecería ben, porque sería tamén unha maneira de democratizar as festas.

2ª O grupo municipal de EU, no seu labor de traballo no concello, e na súa preocupación por resolver e dar resposta aos problemas e necesidades dos veciños/-as de Cambre, ven presentando dende o comezo da lexislatura diversas iniciativas nos plenos municipais e nas distintas comisións informativas, destinadas non só a mellorar a calidade de vida dos veciños/-as, senón tamén a tratar de garantir melloras e dereitos que faciliten o acceso aos servizos máis básicos, tratando de dar solución aos principais problemas que nos afectan. Algunha destas iniciativas foron aprobadas ou aceptadas, tendo en conta o seu interese xeral; non obstante, o goberno municipal despois de varios meses non é capaz de realizalas.

Para cando pensa o goberno levar a cabo as seguintes actuacións:

- Equipar de bancos e papeleiras a praza Enrique Piñeiro.
- Que medidas se teñen tomado para dotar dunha zona de aparcamento as inmediacións da igrexa de Anceis.
- Por que non se ten levado a cabo o proxecto de dotación de servizos no cemiterio de Cambre.
- Que actuacións se realizaron para o arranxo da fonte no lugar da Igrexa en Cela.
- Fíxose algún estudo ou xestión para dotar a zona que discorre entre As Pereiras e Estorrentada, de sinais de precaución para atenuar o risco de accidentes.

O Sr. alcalde contesta que, sobre o primeiro punto, a praza Enrique Piñeiro ten unha batería de bancos que xa foron postos cando se fixeron os criterios de deseño da praza, xa existen. O que si falta por colocar son as papeleiras, pero o arquitecto municipal xa lle informou de que xa están aquí e que as colocarán nestes días.

Respecto da zona de aparcamento en Anceis explica que todos saben que é unha estrada moi estreita, o único que se logrou foi pintar unha praza para minusválidos. Nesa zona só caben dous actuacións posibles, ou expropiar algunha das parcelas que existen no contorno, ou ben, aínda que só sexa nos días dos funerais e enterros importantes, marcar direccións obrigatorias. Neste momento non se pode facer en Anceis nada que non sexa iso.

Continúa dicindo que, no tema do cemiterio de Cambre, nestes momentos estase redactando un proxecto para construír uns aseos que non hai. Está xa contratada a adquisición da máquina elevadora, e o que están vendo agora é a pavimentación dos eixes centrais. O arquitecto municipal ten os proxectos dos aseos, porque o que querían e que puidese haber aseos para homes, mulleres e minusválidos.

No que se refire á fonte de Cela, estívose agardando porque durante os meses de outubro a febreiro houbo un problema importante de seca, agora parece ser que coas últimas tormentas volve botar auga, aínda que moi pouca, e van agardar para ver se os canais volven coller auga e fluidez, de non ser así, o enxeñeiro municipal informoulle de que habería que facer un novo estudo.

E por último, respecto das Pereiras, é unha estrada moi estreita que non acada os cinco metros. Cando se cruzan os coches, pasan moi xuntos, e cre que o problema non é só de velocidade, polo que pediu un informe á Policía respecto da sinalización idónea, porque como xa dixo é unha zona moi estreita. Cando teña ese informe pasarállelo.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que sobre este último punto, noutro pleno anterior, a concelleira responsable de Obras e Servizos xa lle dixo que estaba encargado un informe á Policía Local, por iso é que volven facer a pregunta, porque non saben nada do informe. Engade que o que demandan os veciños é a posibilidade de instalar unhas bandas sonoras.

Segue dicindo que no tema dos servizos do cemiterio a concelleira responsable de Cultura contestou noutro pleno que o proxecto xa estaba terminado hai bastante tempo.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que é certo que estaba terminado, pero que había un serio problema porque se trataban de meter tres servizos e os tres quedaban mal, agora vaise optar por poñer só dous, un para as mulleres e minusválidos e outro para os homes. O local era escaso e ese foi o motivo de ter que variar un pouco o proxecto. Dille ao Sr. Taibo que respecto da pavimentación teñen o compromiso da empresa de comezar xa.

Don Luis Miguel Taibo Casás refírese a que xa noutro pleno se falou dos bancos modernistas que se colocaron na praza Enrique Piñeiro, e que pensa que non lle van facer moito xeito á xente, pensa que se poderían facer outros máis adaptados e máis cómodos.

3ª Unha vez máis veciños/-as da parroquia de Pravio, manifestaron á nosa organización o seu descontento por non poder utilizar o servizo de saneamento, rematado fai case un ano.

- Está a obra entregada ao concello?

- A día de hoxe, cales son os problemas para que os veciños/-as non poidan facer uso do servizo da rede de sumidoiros?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que a obra non está entregada ao concello. O problema é que aínda non está recepcionada. Agardan que o tramo feito pola Xunta estea terminado para o mes de agosto, pero o tramo da Deputación tardará un pouco máis, pensan que estará para final de ano.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que lles gustaría que este tipo de respostas se lles transmitiran aos veciños, porque non teñen ningún tipo de información, só saben que a rede de sumidoiros leva posta un ano e que eles non poden engancharse.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín responde que todos os veciños que viñeron polo concello a interesarse polo tema recibiron a mesma resposta, que a obra non está recepcionada e que ao mellor ata finais de ano non estará entregada.

Don Luis Miguel Taibo Casás engade que pensa que ante determinadas cousas o concello debería ser o que fose por diante dos problemas, e non que os veciños teñan que vir aquí a enterarse e queixarse.

Preguntas do GM (PG) presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao n.º 3093 o día 24 de marzo de 2008.

1^a Cando ten previsto o goberno municipal o pago das subvencións do ano 2007 ás entidades sen ánimo de lucro, e que segundo a concelleira de Cultura ían ser aboadas o pasado mes de decembro?

Dona Erundina Prado Arcay di que efectivamente había un certo compromiso e que lamenta profundamente que iso non se puidese facer. Ten que dicir que dende hai xa bastante tempo está no Departamento de Intervención este asunto, e se non se solucionou é debido ao exceso de traballo que está a sufrir nestes momentos o citado departamento. Procurará que se faga efectivo o antes posible, e reitera que o lamenta moito.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), sinala que a estas alturas de ano hai cousas, como é o caso das comisións de festas que urxen moito, e pon como exemplo a festa de San Benito.

2^a Cal é o modelo previsto polo goberno municipal para as axudas ou subvencións ás comisións de festas para este ano?

Dona Erundina Prado Arcay contesta que agardan aprobar os orzamentos o antes posible. Cando estean aprobados tratarán de tomar a mellor decisión e informarase dela ao resto dos grupos.

Don Manuel Marante Gómez expón que ata o ano 2007 facilitábase material ás comisións de festas, o que necesitasen, tamén lles pagaban cousas como as carpas. O ano pasado deixouse de facer iso e son as propias comisións as que teñen que pagar ás empresas e logo que o concello as subvencione. E resulta que aínda non cobraron o do ano pasado. Con este sistema a comisión ten que adiantar o diñeiro ou as empresas vanlles estar enriba para ver cando poden cobrar. O único que se logrou é que o concelleiro ou concelleira de Cultura se libre de que as empresas lle estean enriba para cobrar, pero botoulles o morto ás comisións. A el parécelle bastante triste. O traballo das comisións é altruista, a prol dos veciños, e se cada vez lles poñen máis atrancos e problemas acabarán por non facer festas. Farase a de Cambre porque a paga o concello, pero as das parroquias, o que se vai facer con este sistema, é eliminalas. Por isto el pregunta se este ano se vai seguir co mesmo sistema ou se vai retomar o de anos anteriores nos que cando a comisión precisaba unha carpa o concello era o que a contrataba e pagaba.

Dona Erundina Prado Arcay responde que tamén ten que ter en conta que non hai comparación co que as comisións estaban cobrando cando era o concello o que pagaba a carpa, e o que van cobrar este ano coa subvención. A subvención duplica a cantidade. Efectivamente é certo que se está tardando un pouco en pagar, pero as asociacións deberían ver se lles interesa ou non ter que esperar un pouco. De todas as formas agarda que isto se arranxe, porque é algo que lles interesa a todos, porque todos eles apoian as festas e, se poden, este ano van apoialas o dobre que o ano pasado. Saben que pode haber algúns inconvenientes, pero a legalidade esixe que se siga o sistema de subvencións, o que se facía antes eran subvencións encubertas.

Don Manuel Marante Gómez pensa que o feito de que o concello contrate unha carpa e a poña nunha parroquia tamén é legal, pero el do que pode falar é do tema que coñece, o caso da festa de San Benito, e neste caso, outros anos, o concello pagaba unha carpa e unha latrina, este ano tivo que pagalas el, e o certo é que tivo que pagar 1.000 euros máis do que lles subvenciona o concello.

3ª Logo da firma do contrato entre a empresa IDASA e o Concello de Cambre o día 10 de decembro de 1997 para a redacción do PXOM de Cambre no que segundo este contrato o

prazo de execución era de 20 meses. Unha vez transcorridos 115 meses sen telo aprobado, que pensa facer o goberno municipal respecto do contrato con esta empresa? E en que situación se atopa a subvención solicitada a este respecto á Xunta de Galicia a finais do ano pasado?

O Sr. alcalde contesta que este contrato está en vigor porque non se denunciou, nin por parte da empresa nin por parte do concello. Solicitaron a subvención como fixeron outros concellos. Verbalmente parece que se aprobaron todas, pero a eles aínda non llelo comunicaron. Hai uns días recibiu a comunicación o Concello de Culleredo, así que agardan que a eles tamén llelo comuniquen pronto.

Don Manuel Marante Gómez pregunta se van rescindir ou non o contrato coa empresa.

O Sr. alcalde contesta que a empresa ten un contrato en vigor, polo que está traballando, e mentres non se denuncie, ese contrato segue existindo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia